



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

Aprobado en sesión de data 11 de 02-08 de 2008

PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO

Secretaría Intervención

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

REGULAMENTO MUNICIPAL DOS SERVIZOS URBANOS DE TRANSPORTES EN AUTOMOBILES LIXEIROS DO ILMO. CONCELLO DE MEAÑO.-

CAPITULO 1.- OBXECTO E NORMAS COMPLEMENTARIAS

Artigo 1.-

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación do servizo urbano de transporte de viaxeiros en automóviles lixeiros de aluguer con conductor denominados "autoturismos", dentro do termo municipal de Meaño

Artigo 2.-

Considéranse auto-turismos os vehículos que prestan servizos no interior ou fóra do solo urbano sen contador taxímetro.

No que non estea previsto no presente regulamento ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas do Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros, aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, as súas modificacións aprobadas polo Real Decreto 1080/89, de 1 de setembro e Real Decreto 236/1983, de 9 de febreiro; a Lei 16/1987, de Ordenación dos Transportes Terrestres; o Real Decreto 1211/1990, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres; Lei de Seguridade Vial; Regulamento Xeral de Vehículos; Regulamento Xeral de Conductores e demais disposicións estatais ou autonómicas sobre a materia, así como os Bandos, Normas ou Instrucións dictadas polo Concello ou pola Alcaldía dentro da esfera das súas competencias e que non contradigan a normativa estatal ou autonómica vixente en cada momento.

CAPITULO II.- AS LICENZAS

Sección 1.- Das competencias dos órganos municipais en relación coas licenzas.

Artigo 3.-

A concesión das licenzas para exercer o servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóviles lixeiros de aluguer con conductor, para adscribir vehículos ó mesmo e para conducirlos, é competencia do Concello, que a desenrolará na forma prevista neste Regulamento.

Artigo 4.-

Primeiro.- Corresponde ó Concello en Pleno:

- Acorda-lo número e ampliación ou diminución do número de licenzas existentes.
- Fixa-lo emprazamento e número de paradas.
- Sinala-los requisitos xerais e especiais que deban reunir os aspirantes ás licenzas polo procedemento de concurso.
- Determina-lo sistema da prestación do servizo.



Segundo.- Será competencia da Xunta de Goberno Local:

- a) A concesión das licenzas novas, vacantes ou das que se amplíen.
- b) A retirada das licenzas nos casos previstos neste Regulamento.
- c) A concesión e retirada dos permisos para conduci-los vehículos de servizo público e a súa renovación.
- d) Autoriza-la transmisión das licenzas nos supostos que proceda, de acordo co Regulamento.
- e) A concesión das autorizacións para adscribi-los vehículos ó servizo público e para a súa substitución.
- f) A imposición das sancións previstas neste Regulamento.
- g) Fixar ou modifica-la ubicación concreta das paradas do servizo de auto-turismo adscripción de vehículos, no seu caso.

Terceiro.- Será competencia da Alcaldía, ou de quen esta teña delegado:

- a) As facultades de inspección sobre o funcionamento do servizo.
- b) A Iniciación de expedientes disciplinarios e sancionadores.
- c) A suspensión das licenzas en propiedade, do vehículo ou do conductor, en tanto non se resolva o expediente, se a gravidade da falta o requirise.
- d) Todas aquelas facultades que non estean expresamente outorgadas por este Regulamento ou por disposición de rango superior, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

Sección 2ª.- Das Licenzas .-

Artigo 5.-

A prestación do servizo público regulado no presente Regulamento estará suxeita á precedente obtención de licenza municipal, que se solicitará e outorgará de conformidade e cos requisitos esixidos neste Regulamento e no Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros vixente en cada momento, coas especificacións contidas na Orde de 4 de febreiro de 1993 que desenvolve o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres.

Artigo 6.-

A ampliación ou redución, polo Concello, do número de licenzas estará xustificada pola necesidade e conveniencia do servizo a prestar ao público. No expediente que se tramite ó efecto solicitarase informe do Servizo de Transportes da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, ou organismo que o substitúa, e darase audiencia, por un prazo de quince días, ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativos do sector e as de consumidores e usuarios.

Artigo 7.-

Non poderán obter licenzas para exercer-los servizos de transporte urbano de acordo con este regulamento:

- a) As persoas nas que conorra algunha das circunstancias das enumeradas no artigo



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



20 do R.D. Lvo. 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- b) Os que perdan a licenza por sanción do Concello.
- c) Os titulares de licenzas que as transmitan: durante o prazo de cinco anos a contar dende a data da súa transmisión.
- d) Os condutores asalariados ou titulares de licenzas que sexan sancionados por actos graves cometidos na prestación do servizo: durante cinco anos a contar dende a imposición da sanción.

Artigo 8.-

Poderán solicitar licencias da clase B “autoturismos”:

a) Os condutores asalariados dos titulares de licencias da clase B que presten servizo con plena e exclusiva dedicación na profesión, acreditada mediante a posesión e vixencia do permiso municipal de conductor expedido polo Concello de Meaño e a inscrición e cotización en tal concepto á Seguridade Social.

b) As persoas naturais ou xurídicas que as obteñan mediante concurso libre.

Os requisitos xerais e especiais que deben reunir os aspirantes ás licenzas polo procedemento de concurso son:

Xerais:

- a) Ter nacionalidade española ou dalgún estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 18 anos, sen exceder daqueles que fixa o Código de circulación ou demais normas vixentes para este tipo de actividade.
- c) Dispoñer de permiso de conducir da categoría BTP.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión, acreditativo mediante certificado médico.
- e) No ter antecedentes penais.
- f) Non atoparse incurso en ningún dos supostos dos relacionados no artigo 7 do presente regulamento.
- g) Estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Específicas:

a) Non ser titular de ningunha outra licenza de autoturismo nin adicarse a ningunha outra actividade que non sexa a explotación persoal ou conxunta con asalariado de licenza e en réxime de dedicación plena e exclusiva e de incompatibilidade con outra profesión.

b) O seu compromiso de achegar un vehículo afecto ao servizo, da categoría de turismo, que deberá reunir os requisitos esixidos para a prestación deste servizo, e contar con permiso de circulación, ficha de inspección técnica na que conste o atoparse vixente o recoñecemento periódico e a correspondente autorización para a prestación deste servizo (autorización de serie VT).

c) O seu compromiso de ter cuberta de forma ilimitada a responsabilidade civil polos danos que se causen con ocasión do transporte.

Artigo 9.-

O procedemento para adxudicación de licenzas será por concurso público e someterase as normas de contratación administrativa, coa peculiaridades recollidas no presente Regulamento.



Artigo 10.-

As solicitudes de licenza formularanse polo interesado no modelo establecido como Anexo nas Bases da correspondente convocatoria.

Os interesados deberán acompañar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou NIF.
- b) Escritura de constitución cando se trate de persoa xurídica, CIF e DNI do representante.
- c) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das situacións ás que fai referencia o artigo 7 do presente regulamento.
- d) No caso de que o solicitante vaia a conduci-lo vehículo, fotocopia compulsada do carné de conducir da categoría BTP.
- e) Certificado municipal de non ter sido sancionado coa perda de licenza para a prestación do servizo, e de non haber transmitido licenza deste Concello, nos últimos cinco anos.
- f) Declaración xurada acreditativa dos extremos a que se refire o punto
- g) do artigo 8 do presente Regulamento.
- h) Declaración xurada acreditativa do cumprimento das condicións específicas contidas no artigo 8 do presente Regulamento.
- i) Marca, modelo, potencia e capacidade do vehículo que desexa adscribir ao servizo.
- j) Certificación de atoparse o corrente nas obrigas tributaria e coa seguridade social.

No caso de que o solicitante da licenza sexa conductor asalariado do titular dunha licenza de auto-turismo, deberá aportar ademais os seguintes documentos.

- a) Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten as cotas aboadas á Seguridade Social en beneficio do interesado, especificando as datas de cada un dos pagos realizados.
- b) Certificado expedido polo Concello, no que se faga constar o tempo que leva conducindo, por conta allea, vehículos deste servizo público.
- c) Certificación expedida polo titular da 1 licenza, para quen prestou os seus servizos, xustificativos do tempo que leva desempeñando o traballo de asalariado para o mesmo.

Tódolos documentos que se aporten a medio de fotocopia, haberán de ser debidamente compulsados cos seus correspondentes orixinais, polo funcionario encargado do negociado correspondente.

Artigo 11.-

A falsidade nos documentos ou na declaración xurada, suporá en todo caso a anulación da licenza outorgada, sen prexuízo de esixi-la responsabilidade penal que corresponda.

Artigo 12.-

1. O vehículo adscrito á licenza municipal que faculta para a prestación do servizo público que se regula neste regulamento figurará como propiedade do titular da mesma no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.
2. Os propietarios dos vehículos deberán concertar, obrigatoriamente, a correspondente póliza de seguros que cubrirá os danos a viaxeiros ou a terceiros con responsabilidade civil



ilimitada.

3. Para adscribir un vehículo á licenza municipal, outorgada a licenza, o adxudicatario queda obrigado a presentar, no improrrogable prazo de 60 días naturais, o vehículo correspondente, acompañado dos seguintes documentos:

a) Certificación da alfándega ou de fabricación, na que consten tódolos datos referentes ó vehículo (marca, potencia, antigüidade), no suposto de non terse matriculado, e o permiso de circulación expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico correspondente, no caso de terse cumprido ese trámite.

b) Póliza de seguro do vehículo que cubra con responsabilidade civil ilimitada, os danos a viaxeiros ou a terceiros.

A vista do vehículo e da documentación presentada, e se o primeiro reúne as condicións esixidas, outorgarase a licenza individualizada para o mesmo, que será provisional, en tanto non se presente no Concello o certificado expedido pola Delegación Provincial de Industria, acreditativo de ter efectuadas as revisións que, para vehículos de Servicio público, sinala o Código de Circulación e a correspondente autorización de transporte público en vehículos interurbanos outorgada polo Servizo de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (autorización de serie VT).

Artigo 13.-

No prazo de 60 días naturais, contados dende a data de concesión das distintas licenzas, os seus titulares veñen obrigados a iniciar a prestación dos servizos, e cos vehículos afectos a cada unha daquelas.

Artigo 14.-

A licenza municipal, que faculta para a prestación de Servizos públicos, deberá estar estendida a nome de quen figure como propietario do vehículo no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

Artigo 15.-

Os concesionarios de licenza poderán substituí-lo vehículo adscrito á mesma, por outro máis moderno ou de superiores condicións, sempre que supoña mellora para o servizo, reúna as condicións deste regulamento e se obteña a autorización do Concello, previo pago dos dereitos e taxas correspondentes se os houber, seguíndose os mesmos trámites para o caso de posta en servizo do vehículo polo titular de nova licenza.

Artigo 16.-

Toda persoa titular dunha licenza terá a obriga de explotala persoal ou conxuntamente mediante a contratación de condutores asalariados en posesión do permiso municipal de condutor, afiliados a Seguridade Social en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión.

Artigo 17.-

Os automóviles de servizo público con licenzas expedidas por outros Concellos non poderán exercer a súa actividade neste termo municipal, agás os viaxes que teñen orixe no



Concello que concedeu a licenza. En todo caso, no percorrido por este Concello non poderán empregar distintivo indicativo de que o vehículo está libre.

Artigo 18.-

1.- As licenzas serán intransmisibles agás nos seguintes casos:

- a) Por falecemento do titular, a favor do seu cónxuxe viúvo ou herdeiros lexítimos.
- b) Cando o cónxuxe viúvo ou os herdeiros lexitimarios e o xubilado non poidan explora-las licenzas como actividade única e exclusiva, e precedente autorización do Concello, poderán transmitila a favor dos solicitantes reseñados no artigo 12 do Regulamento Nacional dos Servicos Urbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros, tendo, en todo caso, dereito a tanteo calquera outro herdeiro forzoso en posesión do permiso municipal de conductor.
- c) Cando o titular da licenza lle sexa declarada unha incapacidade laboral polos Tribunais ou Organismos competentes, que lle impidan o exercicio da profesión ou lle sexa retirado definitivamente o permiso de conducir necesario, poderá transmiti-la licenza a favor do conductor asalariado ó seu servico que preste este con plena e exclusiva dedicación na profesión, acreditada mediante a posesión e vixencia do permiso municipal de conductor e a inscrición e cotización, en tal concepto, na Seguridade Social.
- d) Cando o titular da licenza a ostentase durante cinco anos como mínimo, poderá transmiti-la licenza despois de obter autorización do Concello, ó conductor asalariado con permiso de conducir e exercicio da profesión durante un período mínimo de un ano ó servico do titular da licenza e nas condicións esixidas no parágrafo anterior, non podendo o primeiro obter nova licenza deste Concello no prazo de dez anos por ningunha das formas establecidas neste regulamento, nin o adquirente transmitila de novo, agás nos supostos reseñados no presente artigo.

2.- Cando a titularidade das licenzas corresponda a persoas xurídicas, aquelas só serán transmisibles cando, sustentándoas a persoa titular das mesmas durante un período mínimo de cinco anos, se enaxena a totalidade dos títulos.

Artigo 19.-

Os titulares de licenzas non poderán arrendar, ceder ou presta-la explotación dos coches provistos da referida licenza, nin outorgar tampouco ningún outro tipo de apoderamento ou mandado a favor doutra persoa para o exercicio do servizo.

A infracción deste precepto, levará implícita a caducidade da licenza e a retirada da mesma.

Artigo 20.-

As relacións entre a Administración municipal e os titulares das licenzas, realizarase sempre coas persoas que ostenten a titularidade das mesmas, sen que poidan interpoñerse terceiras persoas.

Artigo 21.-

Os titulares de licenzas virán obrigados a poñer no coñecemento da Administración Municipal, os cambios de domicilio que experimenten.



Artigo 22.-

Duración: As licenzas terán duración indefinida, sen prexuízo de quedar supeditados as renovacións das autorizacións doutras administracións públicas e das causas de caducidade, revogación é anulación establecidas no Regulamento Nacional dos Servicios Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Decreto 763/1979 e na lexislación de Réxime Local.

Caducidade: A licenzia caducará por renuncia expresa do seu titular.

Revogación: Declararase revogada a licenzia e retirada ao seu titular polas seguintes causas:

a) Polo transcurso de 60 días naturais, contados a partir da notificación da concesión da licenzia, sen presenta-lo vehículo á consideración do Concello, ou non empeza-la prestación do servizo dentro do referido prazo.

b) Deixar de presta-lo servizo ó público durante 30 días consecutivos, ou 60 alternos durante o período dun ano, agás que se acrediten razóns xustificadas e por escrito perante o concello.

c) Non ter o titular da licenzia concertada a póliza de seguro do vehículo en vigor e por responsabilidade civil ilimitada. .

d) Por incidi-lo titular en calquera causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas neste Regulamento.

e) Por retira-lo vehículo permanentemente do servizo.

f) Polo incumprimento das disposicións sobre revisións periódicas á que fai referencia o artigo 8 do Decreto 763/1979.

g) O incumprimento das obrigas inherentes á licenzia e demais disposicións que fagan referencia á propiedade do vehículo.

h) Por transferencia da licenzia fora das canles autorizadas por este Regulamento.

i) A contratación de persoal asalariado sen o necesario permiso municipal de condutor e sen a alta e cotización á Seguridade Social.

A caducidade e retirada da licenzia acordarase polo órgano municipal que a adxudicara, despois da tramitación do correspondente expediente e audiencia ao interesado, por un período mínimo de dez días.

Artigo 23.-

Levarase un ficheiro de tódalas licenzas relativas ó servizo a que se refire este Regulamento. Nese ficheiro iranse anotando os diferentes incidentes relacionados cos seus titulares, e os seus vehículos e conductores, tales como substitucións, sancións, accidentes, etc.

Sección Terceira.- Licenzias para conducir vehículos. Dos conductores.-

Artigo 24.-

Para conducir vehículos automóbiles adscritos ao servizo público regulado neste regulamento será requisito imprescindible estar en posesión do permiso municipal de condutor expedido polo Concello.

Artigo 25.-



Poderán solicitar o permiso municipal para conducción de automóbiles de servizo público, as persoas maiores de 18 anos e que non se atopen en calquera das causas de incompatibilidade ou incapacidade indicadas no artigo 7 deste Regulamento.

Artigo 26.-

A solicitude de permiso municipal de conductor deberá acompañarse os seguintes documentos:

- a) Carné de conducir de automóbiles da categoría BTP ou fotocopia autenticada.
- b) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade infectocontaxiosa, e de que posúe aptitude física suficiente para conducir un vehículo de servizo público.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Certificado de residencia.
- e) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade indicadas no presente Regulamento.
- f) Certificado negativo de antecedentes penais.

Artigo 27.-

Os permisos municipais de conducir vehículos de servizo público renovaranse cada 5 anos, mediante a presentación dos documentos sinalados no artigo precedente.

Artigo 28.-

Os permisos municipais de conductor caducarán:

- a) Pola non renovación do mesmo.
- b) Por xubilación do titular.
- c) Por incapacidade ou invalidez laboral do titular para a prestación do servizo, declarada pola autoridade xudicial ou administrativa competente.
- d) Cando o permiso de conducción da categoría esixida polo Regulamento Xeral de Conductores fora retirado definitivamente ou non renovado ó seu titular.
- e) Nos casos previstos na Lei de Seguridade Vial.
- f) Por perde-lo titular calquera dos requisitos para a súa concesión.
- g) Polo non exercicio da profesión durante un ano.
- h) Polas causas que estableza a lexislación vixente.

Poderá ser suspendido ou retirado temporalmente:

- a) Nos casos de sanción previstos no presente Regulamento.
- b) Cando fora temporalmente suspendido ou retirado o permiso de conducción de categoría esixida polo Regulamento Xeral de Conductores.

Artigo 34.-

A posesión do permiso municipal de conducir, obtido na forma descrita nos artigos anteriores só será válida para conduci-lo vehículo para o que se solicitou.

Artigo 35.-

O adxudicatario dunha licenza que contrate ou despida a un conductor asalariado, debe poñelo en coñecemento da Alcaldía, dentro das corenta e oito horas seguintes á data da



contratación ou do despido.

Artigo 36.-

Os condutores asalariados, cando por abandono dun titular, queiran pasar a prestar servizo con outro, deberán solicitalo do Concello, xustificando as razóns e aportándose, por parte do novo patrón, que será quen tramite tal petición a documentación correspondente ó vehículo.

Artigo 37.-

Para obte-lo permiso municipal de conductor, os asalariados deberán presentar o oportuno contrato de traballo e o resgardo de atoparse debidamente afiliado á Seguridade Social. Sen eses requisitos non poderán presta-lo servizo.

Artigo 38.-

O incumprimento do disposto nos artigos anteriores leva aparelada a perda do permiso municipal de conducir, recaendo a responsabilidade no titular do vehículo, se tal responsabilidade lle fose imputable, podendo derivar diso a perda da licenza.

Artigo 39.-

Durante a prestación do servizo os condutores deberán ir provistos dos seguintes documentos:

1. Referentes ó vehículo:

- a) Licencia municipal.
- b) Ficha de características técnicas e permiso de circulación.
- c) Placa, colocada no interior do automóbil, na que conste o número da licenza municipal, matrícula e indicación do número total de prazas do mesmo.
- d) Tarxeta de transportes V.T. correspondente ó vehículo e Póliza de seguro en vigor.
- e) ITV en vigor e dilixenciada no Certificado de Características Técnicas do vehículo.

2. Referentes ó conductor:

- a) Permiso de conducción da categoría BTP ou superior, expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico.
- b) Permiso municipal de conductor.

3. Referentes ó servizo:

- a) O presente regulamento, as súas disposicións complementarias e o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transporte e Automóbiles Lixeiros.
- b) Rueiro do Concello e pleno turístico.
- c) Impreso relativo ás tarifas de prezos vixentes.
- d) Talonarios de recibo autorizados polo Concello, referentes á contía total percibida, das horas de espera e das saídas do termo municipal.
- e) Libro de Reclamacións dilixenciado polo Servizo de Transportes da Delegación Provincial de Consellería Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia ou organismo que o substitúa.



Artigo 40.-

Estará prohibido ós conductores:

- 1.- Ofrece-los vehículos a voces e saír ó encontro dos viaxeiros.
- 2.- Discutir na parada.
- 3.- Abandona-los vehículos cando estean de servizo, agás casos de forza maior ou xustificada.
- 4.- Situa-los vehículos en lugares non autorizados, agás que estean alugados ou fóra de servizo.
- 5.- Levar no vehículo a unha terceira persoa sen coñecemento ou consentimento do viaxeiro que alugara o vehículo.

CAPITULO III.- NORMATIVA XERAL SOBRE VEHÍCULOS

Artigo 41.-

1. Os automóviles ás que se refire este regulamento deberán estar provistos de carrozaría pechada, con portas de fácil acceso e perfectamente practicables para permiti-la entrada e saída.

2. As dimensións mínimas e as características do interior do vehículo e dos asentos serán as precisas para proporcionar ó usuario a seguridade e comodidade propias deste tipo de servizo.

3. Tanto nas portas como na parte posterior os vehículos levarán xanelas en número suficiente para acadar a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles, provistas de vidros transparentes e laminados. As portas estarán dotadas do mecanismo convinte para acciona-los seus cristais á vontade do usuario.

4. No interior dos vehículos instalárase o necesario alumado eléctrico, debendo o conductor encendelo nos servizos nocturnos cando suba ou descenda a pasaxe. Asemade, deberán ir provistos de extintor de incendios homologado.

Artigo 42.-

O Concello poderá ordenar anualmente a revisión, por persoal municipal, de tódolos vehículos destinados ó servizo público, para comprobar tanto o bo estado de conservación, presentación e limpeza, como a súa documentación. Os vehículos presentaranse, para a revisión que se ordene, conducidos polo titular ou a persoa asalariada, segundo corresponda.

Sen prexuízo do dito, a Alcaldía poderá ordenar en calquera momento unha revisión extraordinaria a realizar por persoal da Policía Municipal, de todos ou calquera dos vehículos mencionados, sen que nestes últimos casos poida devengarse dereito nin taxa algunha por tales revisións extraordinarias.

As precitadas revisións son independentes do exame e recoñecemento a que han de estar sometidos os vehículos de servizo público, obxecto deste Regulamento, por parte da Xefatura de Tráfico ou a Delegación de Industria desta Provincia.

Artigo 43.-

Os vehículos deberán desinfectarse, polo menos unha vez ó ano e, sempre que a Alcaldía ou as autoridades sanitarias así o esixan. Asemade, deberán manterse en bo estado de



conservación, presentación e limpeza.

Artigo 44.-

Os propietarios dos vehículos automóbiles suxeitos á presente regulamentación, poderán instalar neles un aparato de radio, e para poñelo en funcionamento deberá requirirse o consentimento do viaxeiro.

Artigo 45.-

Non poderá colocarse ningunha clase de anuncios no interior dos vehículos automóbiles, sen a oportuna licenza municipal.

Artigo 46.-

Os automóbiles que vaian a prestar esta clase de servicios reunirán, no momento de ser revisados polos servicios municipais para autoriza-la súa posta en servicio, como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Han de ser novos ou ter unha antigüidade máxima de dous anos contados dende a data da súa matriculación inicial.
2. Non poderán ter unha potencia fiscal inferior a 12 C.V.
3. Catro portas.
4. Capacidade para cinco persoas (incluída a praza do conductor).
5. Deberán leva-las placas SP acreditativas do servicio público indicadas no Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de vehículos (anexo 11).
6. Na parte superior dianteira levarán unha luz verde ben visible.
7. No interior do vehículo e de forma perfectamente visible, levarán as tarifas vixentes e unha placa na que figure o número da licenza, a matrícula do vehículo e o número total de prazas do mesmo, así coma os datos identificativos do titular da licencie e do conductor do vehículo.
8. Os vehículos, durante os períodos de servizo, levarán no teito unha chapa rectangular, colocada sobre a baca ou barra correspondente, unha placa rectangular, con fondo amarelo reflexivo, coa palabra "TAXI" e debaixo a de "MEAÑO", e á dereita o escudo municipal. As letras serán de cor azul reflexivo e o escudo coas cores que lle corresponden. As medidas da citada placa serán de 30 cm. de ancho X 17 cm. de alto.

Os automóbiles non poderán permanecer en servicio máis de dez anos dende a date da súa matriculación inicial. No momento de que supere e antigüidade citada suspenderase automaticamente a eficacia da licenza municipal, sen prexuízo de inicia-lo correspondente expediente administrativo sancionador.

CAPITULO IV.- DO SERVIZO E DA SÚA PRESTACIÓN.

Artigo 47.-

1. Con independencia das condicións laborais reguladas pola lexislación vixente, os conductores dos vehículos deberán presta-lo servicio de acordo coas previsións que ó respecto se recollan neste regulamento e nas normas complementarias do mesmo, coidar do seu aspecto persoal e vestir con pulcritude.

2. Na súa relación co público, os conductores gardarán e debida compostura, educación



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



e cortesía, expresándose sempre con boas maneiras e evitando toda discusión.

3. Non fumarán no interior do vehículo. Tampouco comerán ou beberán mentres estean alugados, agás nos tempos de espera.

Artigo 48.-

1. Para contrata-lo servizo de auto-turismo acudirase ás paradas, ben persoalmente ou ben mediante chamada telefónica. Os vehículos situarase nas paradas por rigorosa orde de chegada, debendo respectarse esta orde para a prestación do servizo.

A contratación dun servizo con anterioridade de unha hora poderá realizarse en lugares e por medios distintos ós anteriormente sinalados.

2. Cando os vehículos non estean ocupados por pasaxeiros, deberán estar circulando ou situados nas paradas sinaladas ó efecto, agás que teñan que estacionarse noutros lugares seguindo instrucións do usuario ou por outras necesidades xustificadas, sempre que o lugar de estacionamento estea autorizado.

3. Con independencia do sistema de prestación do servizo que determine o Concello Pleno, cando nunha parada non esté situado ningún vehículo en situación de "libre" e na mesma estén esperando viaxeiros, calquera vehículo que conte coa correspondente licenza municipal poderá recollelos e presta-lo servizo.

4. Cando os condutores de auto-turismos que circulen en situación de libre sexan requiridos por varias persoas ó mesmo tempo para a prestación dun servizo, ateranse ás seguintes normas de preferencia:

1º) Persoas que se atopen na beirarrúa correspondente ó sentido de circulación do vehículo.

2º) Doentes, impedidos e anciáns.

3º) Persoas acompañadas de nenos e mulleres embarazadas.

4º) As persoas de maior idade.

5. Nas paradas, a preferencia virá determinada pola orde de chegada dos usuarios.

6. Non se recollerán viaxeiros a menos de 50 metros dunha parada autorizada polo Concello, agás doentes, anciáns, persoas con mobilidade reducida e, en xeral, calquera persoa á que o seu estado físico ou o volume dos vultos de equipaxe que porte lle impida ou dificulte moito acudir ás paradas.

Artigo 49.-

1. Os vehículos auto-turismo, cando non estean ocupados, sexa nas paradas ou en circulación, indicarán de día a súa situación de "libre", mediante e colocación no parabrisas do cartel indicador de tal situación (libre). Este cartel terá unhas dimensións de 8 centímetros de alto e 20 de ancho, as letras serán de cor negra e dunhas dimensións que sexan perfectamente visibles dende o exterior.

2. Durante a noite, para indica-la situación de libre, os vehículos levarán prendida na parte superior dianteira dereita de carrozaría, unha luz verde que se apegará ó ocupa-lo vehículo, ou cando estea en situación de reservado.

Artigo 50.-

No vehículo deberá levarse un cartel que prohiba fumar ós usuarios durante os itinerarios.



Artigo 51.-

1. O conductor dun vehículo que fora solicitado persoalmente ou por chamada telefónica para prestar un servizo, non poderá negarse a prestalo sen causa xustificada.

2. Será motivo de negativa:

- a) Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das prazas autorizadas para o vehículo.
- b) Cando calquera dos pasaxeiros estea en estado de embriaguez manifestada ou baixo o efecto de estupefacientes.
- c) Cando as maletas, equipaxes ou vultos que leven os pasaxeiros, non entren na baca ou portamaletas.
- d) Cando sexa requirido para prestar servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes e do conductor, como do vehículo.

3. O conductor que sexa requirido para prestar servizo a invidentes ou a minusválidos, non poderá negarse a prestalo polo feito de ir acompañados de can guíe ou cadeira de rodas.

Artigo 52.-

Os conductores non poderán impedir que os clientes leven no vehículo maletas ou outros vultos de equipaxe normal, sempre que entren na baca ou portamaletas do vehículo, non o deteriorenen e non infrinxan con iso regulamentos ou disposicións en vigor.

Artigo 53.-

Os obxectos esquecidos polos usuarios no interior do vehículo, entregaraos o conductor nas dependencias de Policía Local dentro das vinte e catro horas seguintes ó seu achado.

Artigo 54.-

1. O pagamento do importe do servizo efectuarán o usuario no momento en que o servizo remate.

2. Cando os viaxeiros abandonen transitoriamente o vehículo por eles alugado e os conductores deban espera-lo regreso de aqueles, poderán recavar dos mesmos, a título de garantía e contra recibo, o importe do percorrido efectuado máis medie hora de espera en zona urbana e unha en descampado, esgotade esta poderán considerarse desvencellados do servizo.

3. Cando o conductor sexa requirido para esperar ós viaxeiros en lugares nos que o estacionamento sexa de duración limitada, poderá reclamar destes o importe do servizo efectuado, sen obrigaón pola súa parte de continua-la prestación do mesmo.

Artigo 55.-

En caso de avaría ou accidente que faga imposible a continuación do servizo, o viaxeiro, que poderá solicita-la súa comprobación ós axentes da autoridade, deberá paga-lo importe do servizo ata o momento da avaría ou accidente.

Artigo 56.-

1. Os conductores de vehículos auto-turismo están obrigados a proporcionar ó cliente



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



cambio ata 12,00 euros. Se non dispuxesen do cambio necesario para esa cantidade, abandonarán o vehículo para proveerse del.

2. Os condutores dos vehículos virán obrigados a estender un recibo do importe do servizo cando o soliciten os usuarios.

Artigo 57.-

1. Os condutores ó presta-lo servizo:

- a) Abrirán ou pecharán os cristais e indicación do usuario.
- b) Axudarán a subir e a baixar do vehículo ós anciáns, doentes, minusválidos e nenos.
- c) Recollerán e colocarán adecuadamente as maletas, equipaxes, e outros vultos.
- d) Encenderán a luz interior pola noite, para facilita-la subida e baixada dos pasaxeiros e o pagamento do servizo.
- e) Baixarán o volume do receptor de radio a vontade do pasaxeiro.

2. Durante e prestación do servizo, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os condutores proferirán ofensas ou entablarán discusións que alteren e orde, xa sexa entre sí, cos pasaxeiros, ou co público en xeral.

3. Así mesmo, deberán respectar e admiti-lo uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios nas indicacións necesarias para o cumprimento do servizo.

Artigo 58.-

En casos de calamidade pública ou emerxencia grave, o persoal afecto ó servizo de auto-turismo, así como os vehículos adscritos ó mesmo, quedarán a disposición das autoridades a fin de coaxudar á prestación do servizo público de transporte, sen prexuízo de percibi-la correspondente retribución e, no seu ceso, a indemnización procedente. O incumprimento deste precepto considérase como falte moi grave, tanto por parte do titular de licencie como do condutor.

Artigo 59.-

1. A imposibilidade de prestar servizos por períodos superiores a un mes por causa de forza maior deberá ser comunicada ó Concello no prazo de tres días seguintes á data en que se deixe de prestar servizo.

2. O incumprimento deste obrigación polos condutores non eximirá de responsabilidade ós respectivos titulares das licencias.

Artigo 60.-

1. As quendas de traballo establecidas polo Concello serán de obrigado cumprimento.
2. Os vehículos prestarán servizo un mínimo de oito horas diarias.
3. O período de vacacións anuais serán de 30 días naturais.

Artigo 61.-

O Concello, ordenará e sinalizará as paradas e a súa situación, a capacidade de vehículos en cada unha e a súa forma de estacionamento, que será como segue:



- a) Establécense dúas parada fixas, os que libremente poderán acudi-los vehículos que dispoñan de licenza.
- b) Estas paradas estarán emprazadas no solo urbano de Dena e Meaño.
- c) O sistema de prestación do servizo é libre.

Artigo 62.-

A ubicación concreta das paradas non terán carácter definitivo, e poderá o Concello, de apreciarse circunstancias que o requiran, aumentalas, agrupalas, trasladalas, suprimilas ou diminuílas cando razoablemente se estime oportuno, e sen que iso outorgue dereito a reclamación ou indemnización algunha para os concesionarios.

Artigo 63.-

Co obxecto de garantir unha mellor prestación do servizo ós usuarios, poderá establecerse, de demandalo así os adxudicatarios ou usuarios das licenzas municipais, unhas quendas de traballo nocturno. En tal caso daráselles publicidade ás quendas establecidas, coa finalidade de que a veciñanza coñeza a existencia dos mesmos e a quen deben acudir en caso de precisalo.

Artigo 64.-

No caso de establecerse dito servizo darase conta á Policía Municipal para a súa comprobación e seguimento. Non estarán obrigados á prestación dese servizo nocturno ós adxudicatarios de licencias no rural.

Artigo 65.-

No caso de establecerse ese servizo nocturno, fixaríase unha única parada na que recoller ós viaxeiros e, en tal caso, prohibiríase o estacionamento e a realización de servizos desde as paradas oficiais, a partir das 10 da noite. En todo caso están exceptuados:

- a) Os días festivos e as súas vésperas.
- b) Os meses de xuño, xullo, agosto, setembro e decembro.

Artigo 66.-

A Alcaldía e a Policía Municipal serán, en cada caso, as autoridades facultadas para dirimir calquera dúbida que xurda sobre a prestación dun servizo.

CAPÍTULO V.- INFRACCIÓNS. SANCÍONS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 67.-

Sen prexuízo das causas de caducidade e revogación das licencias establecidas no artigo 20 e de caducidade de carnés municipais de condutor á que se refire o artigo 31 consideraranse infraccións administrativas as accións e omisións que contraveñan as disposicións contidas neste regulamento e sexan realizadas polos titulares de licencias ou os seus condutores asalariados.


As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 68.-



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



1. Terán a consideración de infraccións leves:

- a) O descoido no aseo persoal.
- b) O descoido no aseo interior e exterior do vehículo.
- c) As ofensas verbais ou discusións entre compañeiros de traballo.

2. Tamén terán a consideración de infraccións leves:

- a) Non facilitar cambio de moeda ata 2000 pesetas.
- b) Abandona-lo vehículo sen xustificación.
- c) Non levar no vehículo os documentos que se relacionan no artigo 28.
- d) Non coloca-lo impreso da vixente tarifa á vista do usuario.
- e) Non leva-las indicacións dos horarios de traballo que, no seu caso, se determine polo Concello.
- f) Non presta-lo servizo de acordo coas normas establecidas no artigo 46.
- g) Non respecta-la orde de preferencia á que se refire o artigo 36.
- h) A falta de prestación do servizo por un día sen estar avariado o vehículo ou outra causa xustificade.
- i) Non pór en coñecemento do Concello os cambios de domicilio.
- j) Non levar instalados nos vehículos os distintivos internos obrigatorios.
- k) Non realiza-la espera do viaxeiro nos supostos previstos no art. 43 deste regulamento.
- l) Calquera outra vulneración do disposto neste regulamento que non estea cualificada como infracción grave ou moi grave.

3. Os titulares de licenza incorrerán en falta leve nos supostos definidos no precedente parágrafo cando a infracción fora cometida por eles sendo conductores, e ademais, cando non esixan o mantemento do vehículo en debidas condicións de limpeza en todo momento.

Artigo 69.-

1. Consideraranse infraccións graves:

- a) Non cumpri-las ordes concretas do itinerario mercado polo viaxeiro, percorrendo innecesariamente maiores distancias.
- b) Poñer en servizo o vehículo non estando en boas condicións de funcionamento.
- c) Empregar palabras ou xestos groseiros e de ameaza no seu trato cos usuarios ou dirixidas ós viandantes ou conductores doutros vehículos.
- d) Cometer cetno faltas leves nun período de dous meses, ou dez no de un ano.
- e) Non asistir ás paradas durante unha semana consecutiva sen cause xustificade.

2. Tamén se considerarán infraccións graves:

- a) Recoller viaxeiros noutro Concello.
- b) Promover discusións cos axentes da autoridade ou con pasaxeiros alterando a orde.
- c) Non aceptar que o usuario faga uso indistintamente das linguas castelá e galega nas indicacións para a necesaria prestación do servizo.
- d) A condución do vehículo adscrito á licenza por persoa que, contando con permiso municipal de conductor, non sexa o titular da mesma ou o seu conductor asalariado.
- e) Non admiti-los conductores a comprobación da tarifa por parte do usuario.
- f) Esixir novo importe da saída de parada, cando o usuario rectifique o termo de carreira ou se antes de remata-la mesma, se apeara un acompañante.
- g) Non ter contratada a póliza de seguro esixida por este regulamento.
- h) Non admiti-lo número de viaxeiros legalmente autorizado ou admitir un número superior a este.
- i) Non presenta-lo vehículo a requirimento da autoridade ou dos seus axentes.
- j) Non concorrer ás paradas, así como non respecta-la quenda destes.
- k) A captación de viaxeiros mediante a formulación persoal de ofertas de viaxes en andéns,



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



vestíbulo de estación, ou escoller pesexe de calquera outra forma fóra das normas prescritas neste regulamento.

- l) Carecer de espazo libre no maleteiro ou no porta equipaxes.
- m) Non reparar no prazo concedido as deficiencias que se observen no vehículo ó pasa-las revisións anuais ou que en calquera outro momento indique o Concello.
- n) Exercer neste Concello o servizo público con vehículos provistos de licencie expedida por outros municipios.
- ñ) Non pór en coñecemento do Concello a contratación ou despido dun conductor.
- o) Non ter realizada a desinfección obrigatoria do vehículo.
- p) Non ter instalados os distintivos externos obrigatorios.
- q) Non presta-lo servizo nocturno obrigatorio.
- r) A negativa a prestar servizo fóra dos casos enumerados neste regulamento.
- s) Non prestar socorro ós accidentados ou non trasladar a doentes e feridos.

Artigo 70.-

1. Consideraranse infraccións moi graves:

- a) Abandoa-lo viaxeiro sen rende-lo servizo pare o que fora requirido sen causa xustificada.
- b) Cometer cetros faltas graves no período de un ano.
- c) Reter calquera obxecto abandonado no vehículo, sen dar conte diso á autoridade competente dentro das 24 horas seguintes.
- d) A manifesta desobediencia ás ordes da Alcaldía.
- e) A comisión de delitos, cualificados polo Código Penal como dolosos, con ocasión ou con motivo de exercicio da profesión.
- f) O cobro abusivo ós usuarios, ou cobrar tarifas inferiores ás autorizadas.
- g) Conduci-lo vehículo baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacientes.

2. Tamén se considerarán infraccións moi graves:

- a) A negativa a estender recibo do importe da carreira.
- b) Dar orixe e escándalo público con motivo do servizo.
- c) O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, descanso semanal e vacacións, das normas de organización do servizo e a negativa á prestación de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencias.
- d) A negativa a prestar servizo en hora e quenda de traballo ou ben fóra deles, indicando a situación de libre.
- e) A percepción en exceso ou en defecto da tarifa, en cantidade superior a un ²⁵v/o da autorizada.
- f) A prestación de servizos nos supostos de suspensión, revogación ou caducidade de licencie ou de retirada do carné municipal de conductor.
- g) Os cambios nos distintivos fixados no vehículo, referentes ó número da licencie, escudo, ou calquera outro sinalado pola Corporación.
- h) Non presenta-lo vehículo ás revisións que foran ordenadas.
- i) As alteracións no conta-quilómetro que supoñan un aumento das tarifas vixentes.
- k) Prestar servizo cun vehículo distinto ó autorizado polo Concello.
- l) A falsidade na documentación presentada no Concello para a obtención ou renovación do permiso municipal de conductor, ou calquera outro trámite relacionado coa prestación do servizo.

3. Os titulares das licencias incorrerán en falta moi grave nos supostos definidos no precedente parágrafo, cendo a infracción fose cometida por eles sendo conductores, e ademais nos seguintes:

- a) A conducción do vehículo por quen careza, validamente, de carné municipal de conductor de servizo público.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



- b) O incumprimento, non xustificado, do disposto no artigo 47 para os casos de calamidade pública ou emerxencia grave.
- c) Levar anuncios publicitarios no exterior do vehículo afecto ó servizo, sen a correspondente autorización municipal.
- d) Incorre-lo titular de licencie nalgunha causa de incapacidade sinalada neste regulamento e continuar exercendo a actividade.
- e) A cesión ou aluguer do vehículo para o exercicio da actividade por un terceiro.
- f) Continuar prestando servizo cun vehículo que fora retirado do mesmo.
- g) Non ter afiliado o condutor á Seguridade Social.
- h) A falsidade na declaración xurada ou no resto da documentación necesaria para a obtención da licencie.
- i) Ter en servizo un vehículo con máis de dez anos de antigüidade.

Artigo 71.-

1. As sancións con que poden castigarse es infraccións tipificadas no parágrafo 1 dos anteriores artigos serán as seguintes:

A. Para as infraccións leves:

- Amoestación
- Suspensión da licencie ou do permiso municipal de condutor ata quince días.

B. Para as infraccións graves:

- Suspensión da licencia ou do permiso municipal de condutor de tres a seis meses.

C. Para as infraccións moi graves:

- Suspensión de licencia ou do permiso municipal de condutor ata un ano.
- Retirada definitiva de licencie ou do permiso municipal de condutor.

2. En todo caso sancionárase coa retirada definitiva do permiso municipal de condutor, e se o condutor fose titular de licencie, coa súa revogación, a infracción reiterada definida no apartado d) do parágrafo 1 do artigo 56, e es definidas nos apartados e) e g) do mesmo artigo e parágrafo.

3. As infraccións tipificadas nos parágrafos 2 dos artigos 54 e 55 e nos parágrafos 2 e 3 do artigo 56 castigaránse coas sancións previstas no parágrafo 1 do presente artigo, en función da clase de infracción de que se trate, e con multa; esta última poderá impoñerse na contía de ata 25.000 pesetas para as faltas leves; de 25.001 a 50.000 pesetas para as graves e de 50.001 a 75.000 pesetas para as moi graves.

4. Cando se impoña a sanción de suspensión da licencie ou do permiso municipal de condutor, para asegura-lo seu cumprimento esixírase a entrega da correspondente documentación nas oficinas do Concello durante o tempo de duración da suspensión. Asemade, poderá impoñerse a retirada dos distintivos que ostente o vehículo.

Artigo 72.-

1. Calquera persoa poderá formular denuncia por feitos que constitúan infracción dos preceptos contidos neste regulamento.

2. Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

Artigo 73.-

1. As infraccións que poidan dar lugar a sanción tramítaranse mediante a incoación do correspondente expediente sancionador, que se axustará ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e no Real Decreto 1398/1993, polo que se aproba o Regulamento do



procedemento para o exercicio de potestade sancionadora.

2. O órgano competente para inicia-lo procedemento sancionador e para resolvelo será o Sr. Alcalde.

Artigo 74.-

Tódalas sancións, incluso a de amoestación, serán anotadas nos expedientes persoais dos titulares de licencia e dos conductores.

Artigo 75.-

Os titulares de licencias e conductores poderán solicita-la cancelación de nota desfavorable que figure no rexistro municipal correspondente, sempre que observaran boa conducta e cumprido a sanción, unha vez transcorrido un ano dende e imposición deste, tratándose de infracción leve, dous anos se se trata de infracción grave e seis anos se se trata de infracción moi grave.


DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento, do que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o **19 1 FEB. 2008** entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o art. 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



Meaño, 5 de febreiro de 2008

O Alcalde


Asdo. Jorge Domínguez Rosal